



C O N C E L L O

DE

MORAÑA

Teléfono 986 55 30 05 - Telefax 986 55 34 42  
Internet: www.morana.org  
E-mail: concello@morana.org  
Rúa 1, n.º 2 - SANTA LUCÍA  
36660 MORAÑA (Pontevedra)

# BANDO

DONA. MARÍA LUISA PIÑEIRO ARCOS, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE MORAÑA.

**FAI SABER:**

Que a Consellería de Política Social organiza o “PROGRAMA XUNTOS POLO NADAL” 2015, para persoas maiores que, valéndose por si mesmas vivan soas e non teñan con quen pasar estas datas do Nadal.

**DATAS DE CELEBRACIÓN:** Do 23 de decembro de 2015 ó 2 de xaneiro de 2016.

**REQUISITOS:**

- Ser maior de 60 anos (telos cumpridos no momento en que remate o prazo de presentación de solicitudes).
- Estar empadroadado nalgún dos concellos galegos.
- Ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade infecto - contaxiosa activa nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a convivencia
- Non estar acollido/a en ningún centro residencial.

As persoas participantes que teñan uns ingresos inferiores ao IPREM (532,51 euros/mes), asistirán de forma gratuíta ao programa, mentres que aquelas cuns ingresos superiores a dito importe contribuirán ao pagamento da estadia coa achega de 50 €. Os gastos de desprazamento serán por conta da persoa participante, dende o domicilio ata os lugares de saída.

**PRAZO DE SOLICITUDE:**

As solicitudes deberán presentarse antes do **20 DE NOVEMBRO DE 2015** nos Servizos Sociais do Concello.

Tódalas persoas que desexen máis información e face-las correspondentes solicitudes, poden dirixirse ás Oficinas Municipais do Servizo Social Comunitario, os días de atención ó público, luns, martes e xoves de 9 a 13horas.

Morana, 09 de novembro de 2015  
A Alcaldesa

